


ADAPTACIÓN DA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA



ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3^e trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. criterios de avaliación e competencias imprescindibles.

Os criterios de avaliación expostos a continuación serán enunciados a modo xeral e estarán directamente relacionados cos obxectivos xerais da Programación Anual de Etapa. Estes criterios abordarán de forma globalizada as tres áreas curriculares y serán tidos en conta nos distintos ambientes da proposta didáctica dentro da avaliación continua e sistemática levada a cabo polo equipo de E. Infantil.

As competencias traballadas e avaliadas a través das actividades propostas serán as enunciadas no noso actual decreto curricular (D.330/2009), as competencias básicas: competencia en autonomía e iniciativa persoal, matemática, lingüística, coñecemento e interacción co mundo físico, dixital, social e cidadá, cultural e artística e aprender a aprender. Todas elas serán traballadas de forma transversal e globalizada.

Os criterios de avaliación imprescindibles serán os seguintes:

- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- Participar en xogos, respectando as normas e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en nas tarefas e rutinas diarias.
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.
- utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.
- Amosar interese polos textos escritos e gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...

- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato. Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos segundo distintos criterios.
- Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade, cuantificando...
- Dar mostras de interese polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Así como manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza.
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.
- Usar e comprender noións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida, así como noións espaciais en relación da posición do seu corpo e outros obxectos sobre o espacio.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas, xestual e audiovisuais.

CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

- Competencia da Autonomía e Iniciativa Persoal: axudamos a organizar o pensamento, mellorar o control das emocións, adquirir habilidades de diálogo e a traballar en equipo.
- Competencia Lingüística: expresar ideas e emocións.
- Competencia Matemática: posicionar o propio corpo e os obxectos no espazo escolar, o uso dos números, medidas, símbolos, formas xeométricas...
- Competencia Cultural e Artística: percibir o arte e a cultura próxima a través de materiais, técnicas, creativas, plástica, música...
- Competencia Social e Cidadá: son as habilidades comunicativas cun linguaxe particular que favoreza o diálogo e a resolución de conflitos.
- Competencia de Aprender a Aprender: cun aprendizaxe cada vez máis autónomo e eficaz que favoreza a atención, concentración, memoria, comprensión lingüística...
- Competencia do Coñecemento e Interacción co Mundo Físico: a través da percepción dos sons, formas, cores, texturas, xestos e movementos que contribúen a apreciar o entorno.
- Competencia Dixital: o uso dos ordenadores como espazo propio na aula, as cámaras e a creación de montaxes favorece a interacción dos nenos/as coas novas tecnoloxías, favorece a transmisión de información despois de realizada unha búsqueda de información.

2. Concreción de aspectos xerais de avaliación.

2. Avaliación e cualificación

De acordo coas Instrucións do 27 de abril, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación deste terceiro trimestre será continua e terá un carácter diagnóstico e formativo. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das clases só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

O profesorado adaptará o sistema de avaliación, co obxectivo de que o alumnado poida continuar avanzando na súa formación, tendo especialmente en conta a situación dos estudantes máis vulnerables.

A repetición de curso será excepcional e proporase unicamente nos casos, debidamente xustificadas, de alumnado cun historial académico de dificultades de aprendizaxe para o que a permanencia no mesmo curso sexa a medida que mellor lle permita progresar no desenvolvemento das competencias recollidas no currículo.

O profesorado emitirá un informe individual valorativo do traballo realizado polo seu alumnado no curso, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación dos mesmos. Estes informes serán tidos en conta de cara á programación do curso 2020-2021.

Avaliación

Procedementos:

Os procedementos de avaliación nas dúas primeiras avaliacións figuran na programación didáctica do curso e inclúen: análise e observación sistemática .

Para o terceiro trimestre non contemplamos avaliar as propostas enviadas dun xeito sistemático, aínda que valoramos e nos informamos do proceso emocional e da participación e acollida das nosas propostas polas familias e os nenos/as a través da comunicacións coas familias, atendendo as demandas das mesmas, segundo as necesidades que se observan en cada caso de xeito individual.

Consideramos que dadas as dificultades que entraña esta formación a distancia para o alumnado con esta idade e para as súas familias, e a vulnerabilidade

emocional que provoca o confinamento, valoramos que a prioridade da nosa actuación docente está no acompañamento as familias e os nenos/as mantendo o vínculo e a comunicación cos mesmos. Avaliando individualmente as demandas familiares e dos nenos/as, actuando en consecuencia no momento que se precisa, facilitando propostas concretas axeitadas as necesidades reais do momento e a través de titorías para o acompañamento as familias.

Instrumentos:

Os instrumentos empregados nos dous primeiros trimestres foron:

- Observación sistemática en propostas de aula e situacións globais de aprendizaxe: diarios de clase, escalas de observación, rexistros, rúbricas...
- Intercambios orais co alumnado: asembleas, debates, postas en común...
- Tablas de observación e rúbricas dos procesos e das propostas dos Espazos de aprendizaxe.
- Observación das actividades vivenciais en gran grupo.
- Rexistro fotográfico e de vídeo dos acontecementos e fitos dos alumnos/as na vida diaria da aula.

Para o terceiro trimestre, o nosos instrumentos son os correos electrónicos, titorías telefónicas e fotografías.

Cualificación final

Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:

Para obter a cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o presente curso, valoraremos especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles definidas neste documento que foron traballadas durante os dous primeiros trimestres, e serán o contido das propostas de repaso, recuperación e reforzo programadas para o terceiro trimestre.

A cualificación final será a mesma que a cualificación do segundo trimestre deste curso.

3. Aspectos metodolóxicos xerais

Partimos dunha metodoloxía viva e activa, de maneira que cada neno/a vaí adquirindo as súas aprendizaxes a partir dos seus intereses e seguindo o seu propio ritmo, adoitando os adultos un papel de acompañantes, observadores e facilitadores de materiais e situacións propicias para que estas aprendizaxes se vaían dando. Partindo do xogo, a manipulación, a experimentación, o movemento,...deseñamos propostas que conecten coas necesidades e intereses dos nenos/as.

3.1 Actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Durante período de actividade non presencial, o equipo de educación infantil enviamos propostas ás familias co fin de que teñan recursos para introducir en momentos puntuais da súa rutina, sempre que teñan cabida no seu ambiente familiar e os nenos/as teñen interese por levalas a cabo. Pensamos en actividades que conecten coas vivencias que están a ter neste período tan extraordinario e que encaixen no seu día a día nas súas casas. Tamén ofrecemos orientacións sobre materiais e posibles espazos que poden ter a disposición dos nenos/as.

As actividades propostas están organizadas por seccións, a través das cales intentamos abordar todos os aspectos a desenvolver nesta etapa.

PROPOSTAS DA VIDA COTIÁ:

Están enfocadas a favorecer a autonomía, habilidades e destrezas nas tarefas cotiás do día a día na nosa casa. Neste momento tan excepcional cobran unha maior importancia si cabe, porque é o lugar onde pasamos máis tempo. Facer partícipes aos nen@s nestas tarefas que implican planificación, experimentar con produtos, manexo de utís, explorar múltiples posibilidades que nos ofrecen os espazos e os diferentes obxectos que temocacións traballadas no curso e vídeos personalizados s na nosa casa, dando un maior valor a esas pequenas cousas que neste momento saboreamos de forma diferente.

ENGLISH:

As distintas propostas de inglés (enlaces ás distintas cancións traballadas durante o curso e vídeos personalizados) están guiadas por accións destinadas a cuidar ao máximo aos membros da comunidade educativa primando o benestar emocional por riba de aspectos puramente curriculares dada a excepcionalidade do estado de alarma.

EXPERIMENTAMOS!:

Os experimentos propostos neste apartado teñen como propósito achegar aos nenos/as ao pensamento científico a través de propostas lúdicas e sinxelas que esperten neles a curiosidade polo mundo da ciencia, a reflexión e elaboración de hipótese... e promovan neles unha actitude activa e colaborativa para gozar en familia.

FOTOPROPOSTAS:

Este tipo de actividades buscan sensibilizar o alumnado no manexo das novas tecnoloxías cun fin creativo e de comunicación, pretenden que os nenos/as capturen a súa realidade próxima e a compartan. Con elas tamén experimentamos conceptos xerais básicos, espaciais e temporais.

EN MOVEMENTO: Os obxectivos principais que pretendemos acadar coas sesións son, entre outros:

- Que coñezan o seu corpo e as súas progresivas capacidades motrices.
- Favorecer e fomentar a capacidade de comunicación e relación cos demais.
- Desenvolver a expresión de sensacións, fantasías e desexos.
- Favorecer e promover o acceso ao pensamento simbólico e á representación mental.

Os nenos e nenas a través das súas accións corporais como xogar, saltar, manipular obxectos, etc... consíguen situarse no mundo e adquiren intuitivamente os aprendizaxes necesarios para desenvolverse.

Desta forma lúdica e case sen enterarse traballan conceptos relativos á orientación espacial (arriba e abaixo, enriba e debaixo...) ao tempo (rápido, lento), ademáis de desenvolver o seu equilibrio e coordinación, dentro como sempre, dun ambiente lúdico, motivador e agradable.

ARTE-PROPOSTAS:

As actividades de arte son propostas para crear ou experimentar dende unha perspectiva global, xa que a partir delas tratamos aspectos emocionais, desenvolvemos a autonomía, a motricidade,...con materiais e elementos cotiás.

MÚSICA:

As propostas de música van dirixidas a experimentación a través do corpo como instrumento. Á utilización de materiais cotiás para a construción de instrumentos musicais caseiros, que nos permitan disfrutar de maneira activa dos sons, acompañar con ritmos sinxelos as cancións e crear pequenas orquestras en familia.

ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL:

Proporcionamos unha listaxe de xogos lingüísticos adaptados ás necesidades do alumnado de Educación Infantil. Nesta listaxe atópanse xogos nos que se traballan as diferentes dimensións da linguaxe sen necesidade de ningún material adicional ao que podemos atopar nas casas.

Tamén se subiu unha actividade interactiva para a adquisición de vocabulario e conciencia fonolóxica seguindo a dinámica das sesión do Programa de Estimulación da Linguaxe Oral que levábamos a cabo antes da finalización das clases presenciais.

A maiores estase a traballar de xeito individual cos nenos que xa recibían unha intervención específica na aula. Elaboramos actividades interactivas para cada un destes nenos incidindo nas súas necesidades, proporcionamos material e xogos para imprimir nos que se traballan os aspectos nos que queremos incidir e tamén vídeos explicativos de como levar a cabo certas actividades.

3.2 Materiais e Recursos

Con respecto aos materiais e recursos, pensamos que teñen que ser elementos habitualmente presentes no ambiente familiar. Utilízanse sobre todo materiais de refugallo, diferentes alimentos, utensilios de cociña, teas,... Outros recursos empregados son cámara fotográfica, dispositivos para conectarse online (ordenador, tablet, teléfono móbil,...)

4. Información e acompañamento ás Familias.

Dende comezos de curso, levamos a cabo varias vías de comunicación coas familias; nos momentos de entrada e saída do cole, nas titorías, por teléfono e tamén a través do correo electrónico que cada titora ten co seu grupo clase para comunicarse coas familias.

Acompañamos ás familias dun xeito amable e respetuoso: durante o período de adaptación, coas novas incorporacións, nas dúbidas e inquedanzas que xorden en calquera momento ó longo do curso.

Neste momento co cese da actividade escolar, a información e o noso acompañamento se reduce tan só a través do correo electrónico. Como vía de acceso ás familias, nos comunicamos por correo para interesarnos como están física e emocionalmente, atendendo às súas preocupacións nestes momentos tan desconcertantes, para recabar información acerca de si dispoñen de conexión e tecnoloxías para recibir as nosas propostas e novas.....e calquera outro tipo de cuestións que consideremos importantes ou ben que eles mesmos nos demandan. Os mestres especialistas tamén se puxeron en contacto coas familias para acompañalas e dando mostras de apoio.

Tamén se realizaron algunhas chamadas telefónicas naqueles casos necesarios.

ENLACES DAS ACTIVIDADES

[SITE DE INFANTIL](#)

[AUDIOCONTOS](#)